



PLAN DIXITAL

CEIP O PIÑEIRIÑO

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CENTRO			
Nome	CEIP O Piñeiriño	Código do centro	36015652

ENDEREZO			
Enderezo	Rúa Adolfo Pedrido Morla, 1	Localidade	Sobrán (San Martiño de Fóra)
Concello	Vilagarcía de Arousa	Código Postal	36611

CONTACTO			
Teléfonos	886159820	Enderezo electrónico	ceip.pineirino@edu.xunta.gal
	886159821		
	886159822		
Enderezo web	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/		

OFERTA EDUCATIVA	
Educación Infantil	Educación Primaria

TIPO DE XORNADA
Xornada continúa

SERVICIOS COMPLEMENTARIOS	
Comedor	Transporte

PROGRAMAS	
Abalar	Dende o curso 2012/2013
Edixgal	Dende o curso 2015/2016
PLAMBE	Dende o curso 2007/2008
ROBÓTICA PARA PRIMARIA	Convocatorias 2017-18 e 2018-19
DIGICRAFT	Dende 2019/2020
Proxecta: Froita na escola e Lácteos na escola	2021/2022

ALUMNADO CURSO 2021/2022																	
Educación Infantil						Educación Primaria											
4º EI		5º EI		6º EI		1º EP		2º EP		3º EP		4º EP		5º EP		6º EP	
A	B	A	B	A	B	A	B	A	B	A	B	A	B	A	B	A	B
23	--	15	16	20	21	23	22	23	--	16	16	14	12	19	20	21	20
23		31		41		45		23		32		26		39		41	
95						206											
301																	

PROFESORADO CURSO 2021/2022		
	Definitivo	Provisional
Educación Infantil	6	-
Educación Primaria	11	-
Lingua estranxeira: Francés	-	-
Lingua estranxeira: Inglés	2	-
Música	1	-
Educación física	1	1
Pedagogía terapéutica	-	1
Audición e linguaxe	-	1
Relixión	2 ⁽¹⁾	
Orientadora	-	1
Adix	1	-
⁽¹⁾ Compartidas con outros centros.		

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP O Piñeiríño está situado nun extremo do barrio do mesmo nome, na zona sur da cidade de Vilagarcía de Arousa. Este barrio pódese considerar unha pequena cidade dormitorio, xa que a maioría dos seus habitantes desprázanse ao centro de Vilagarcía ou a a outros lugares para traballar.

A maior parte do alumnado provén deste barrio aínda que tamén temos nenos e nenas doutras zonas próximas que veñen en autobús ao colexio. O centro conta cunha liña de transporte que despraza a uns 25 alumnos e alumnas a diario.

O alumnado é maioritariamente autóctono aínda que contamos con algúns nenos e nenas procedentes da inmigración.

O nivel socioeconómico das familias é medio-baixo coa correspondente incidencia no nivel cultural das mesmas.

As instalacións do centro son completas e axeitadas aínda que, no referido á accesibilidade física, non conta con ramplas de acceso nin ascensor, dificultando a mobilidade entre plantas. Ademais das aulas ordinarias de cada grupo de alumnos, o centro conta coas seguintes: aula de Inglés, aula de Música, aula de Informática, aula de Plástica e aula de Educación Física. Dispón tamén dunha biblioteca (ben dotada e atendida polo propio profesorado) e dun salón de usos múltiples (utilizado para o desenvolvemento de variados tipos de actos: festivais, conferencias, xuntanzas coas familias, escola de pais ... e polo alumnado de infantil para a realización de actividades de psicomotricidade).

- Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.

O centro incorporouse ao Plan Abalar no curso 2012/2013 e posteriormente no curso 2017/2018 incorporámonos ao Plan Edixgal no que seguimos integrados na actualidade cos grupos de 5º e 6º .

Así mesmo, dende o curso 2019/2020 participamos no programa "Digicraf" pertencente á Fundación Vodafone.

A traxectoria levada a cabo no centro no ámbito das tecnoloxías foi impulsada dende hai varios cursos tanto polos diferentes equipos directivos como polo equipo TIC, mediante a realización de diversas accións entre as que destacan:

- Aula de informática en funcionamento con horario semanal de todos os niveis educativos e apoios nun primeiro momento dende o ano 2000.
- No curso 2003/04 o centro abriu un blog: "O redactor dixital" . Posiblemente un dos primeiros blogs en galego feitos polo alumnado de primaria nun colexio. O blog creouse como unha canle de expresión dos traballos que facían na hora semanal na aula de informática. Nel os nenos e nenas facían de xornalistas e contaban todo o que lles pasaba polo maxín (unha nova de actualidade, contar un conto, falar do seu actor/actriz/cantante favorito, unha visita, unha entrevista, realizar debuxos, fotografías,...).
- O centro e profesorado do mesmo recibiron diferentes premios de innovación educativa, sustentabilidade e da sociedade da información.

- No curso 2009-10 fomos seleccionado como un dos centros TIC polo proxecto "Creamos contidos dixitais" concretamente no posto 4º dos 15 seleccionados.
- Fomos dos primeiros centros en formar parte do PLAMBE: Biblioteca creativa, do proxecto ABALAR e posteriormente Edixgal.
- Formamos parte dos centros que implementaron a robótica en primaria: 2017-2018 e 2018-2019.
- No curso 2019 fomos seleccionados no proxecto Digicraft. Proxecto da fundación Vodafone e da Consellería de Educación cunha potente proposta didáctica e tecnolóxica para traballar a robótica, intelixencia artificial, programación, realidade aumentada... Continuamos co proxecto extendéndoo a todo primaria.
- Participamos na convocatoria de "Nós tamén creamos" no que traballamos a técnica de Stop Motion implicando a boa parte do alumnado.
- Docentes do colexio imparten charlas de boas prácticas Edixgal ou de creación de recursos dixitais noutros centros.
- Contamos cunha experta na creación e edición de videos.
- A final de curso realizabamos unha Feira TIC con alumnado de 5º e 6º onde amosar ás familias e ao resto do alumnado propostas dixitais, feira que esperamos recuperar para vindeiros cursos.
- No presente curso 2021-2022 solicitamos os polos creativos: *"ORDE do 21 de abril de 2022 pola que se crea o programa de innovación educativa Polos creativos e se establece o procedemento para a participación dos centros docentes públicos dependentes desta consellería"*

O noso Plan Dixital pretende incardinarse e contribuír ao Proxecto Educativo no relativo á mellora da competencia dixital do alumnado e do profesorado, faciliando á comunidade educativa as ferramentas para desenvolverse de forma eficaz nunha sociedade cada vez máis dixitalizada.

- Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

O Plan Dixital irá incluído na PXA do curso 2022-2023, para guiar as acción previstas no mesmo ao longo do curso, e telas presentes para a organización do centro, as programacións e todos aqueles aspectos que se vexan influídos por este plan, que pretende mellorar a competencia dixital de toda a comunidade educativa.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O plan dixital do noso centro ten como marco lexislativo:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital está formado por 9 persoas que tamén formaron parte do grupo de traballo do PFPP do Plan Dixital. Seguíronse ás pautas marcadas pola persoa mentora para o Plan Dixital e asistiuse ás sesións de formación ademais doutras reunións grupais para ir completando as diferentes fases:

Fase I: Análise e diagnose da situación do centro:

- SELFIE
- TestCDD
- DAFO

Fase II: Deseño e elaboración do Plan Dixital-

- Plan de Acción.
- Plan Dixital.

O profesorado do centro colaborou participando tanto no SELFIE como no testCDD nunha porcentaxe significativa.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

INFRAESTRUCTURA DIXITAL DO CENTRO:

- Conectividade: O centro está dentro da rede de "Escolas conectadas" (*Convenio multilateral de colaboración entre o Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, a Axencia de Modernización*

Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e a entidade pública Red.es para a extensión do acceso á banda ancha ultrarrápida dos centros docentes españois) o que nos permite ter unha conexión de ata 500Mbps de baixada e 500Mbps de subida.

- Voz e datos:

* 3 liñas telefónicas xestionadas pola Consellería.

* Conexións de cable: aula de informática, 4 aulas edixgal, salón de usos múltiples, sala de profes, secretaría-dirección e biblioteca.

* WIFI: rede ABALAR para as aulas edixgal e edu.xunta.es en todo o centro.

EQUIPAMENTO DISPOÑIBLE:

- **Aulas dixitalizadas:** Todas as aulas (18) do centro teñen un equipamento básico de PDI, canón, altofalantes e ordenador para a aula, así como as aulas de Inglés e Música. Deste equipamento, o enviado pola Consellería é o seguinte:

* 4 aulas edixgal.

* 1 aula (Inglés) co Kit dixital Abalar.

* 2 aulas con PDI Iqboard XUGA2014 e canon.

O resto do equipamento das aulas foi mercado polo centro ao longo dos anos.

Ademáis, as aulas de PT e AL contan, cada unha delas, cun equipo con pantalla táctil.

- **Equipos de xestión e administración:** 2 portátiles e 1 PC para secretaría, xefatura de estudos e dirección, para as tarefas de xestión e administración, conectados á fotocopiadora e a unha impresora láser (o equipo de Secretaría). Obtidos polo centro agás a impresora.

1 portátil e unha impresora no Departamento de Orientación.

- **Equipos para o profesorado:** Na aula de mestres hai 4 equipos conectados á fotocopiadora e 2 impresoras de tinta. Obtidos polo centro. Na titoría de Infantil, 1 equipos e 2 impresoras (tinta color e láser). Obtidos polo centro.

- **Aula de informática:** 16 PCs de diferentes dotacións da Consellería (dende XUGA 2006 ata XUGA 2016) e un portátil XUGA 2009, todos coa maqueta abalar libre. PDI e canón, dotación da Consellería.

- **Biblioteca:** 1 ordenador de mesa para préstamo, portátil para o profesorado do equipo de biblioteca, tablets e e-readers para o alumnado.

- **Outros espazos:** A sala de mestres, o salón de usos múltiples, a aula de plástica e a biblioteca teñen canón e pantalla de proxección. Os canóns son dotación da Consellería.

- **Outro equipamento:**

* Ultraportátiles abalar: quedaron no centro 107 ultraportátiles, dos que 16 están retirados con incidencias abertas; 30 teñen instalada a maqueta abalar libre e repártense polas aulas (a petición do profesorado) para crear recunchos TIC. Foron utilizados para préstamos ás familias durante o confinamento.

* Material de robótica pola participación do centro no programa de innovación educativa "Introducción á robótica educativa en primaria".(mbots e kits de construción compatibles con Lego)

* Material para o desenvolvemento do programa Digicraft (en préstamo).

* Tablets, cámaras de fotos, trípodes, croma, kits de electrónica, beebots,...

* Educa en dixital Galicia: 10 Kits (ordenador portátil con router de conexión a internet sen fíos).

SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS:

- Web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/>
- Aula virtual: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/aulavirtual/>
- Enderezo electrónico: ceip.pineirino@edu.xunta.gal
- Canle de Telegram: t.me/ceippineirino.

XESTIÓN DE MANTEMENTO DE EQUIPOS:

- Servizo Premium para Edixgal.
- UAC para o equipamento enviado pola Consellería.
- Servizo técnico externo a demanda para o resto de material.
- Pequenas incidencias de funcionamento téntanse arranxar no centro polas persoas do equipo TIC.

PROTOCOLOS DO CENTRO:

- Aula Virtual do centro: recóllense os proxectos abalar e edixgal, así como as normas de uso do equipamento, tanto para o alumnado como para o profesorado, co protocolo de incidencias e faltas sancionables:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/aulavirtual/course/view.php?id=51>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: resumo das áreas do informe SELFIE da etapa educativa: Educación Primaria.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	2,5				
	Alumnado	3,6				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	4,4				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					

E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	3,7				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	2,5				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3				
	Alumnado	4,2				

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	17	22	77,3%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	2	2	100%
SUBSTITUTO	4	6	66,7%
DESPRAZADO/outros	1	2	50%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
78,1	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFANTIL	56	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
PRIMARIA	79	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	12	48%
B1	7	28%
B2	4	16%
C1	1	4%
C2	1	4%
TOTAL	25	100,00%

Outras fontes: Todo o profesorado incluído no PFPP é profesorado definitivo no centro, polo que o coñecemento do mesmo e da contorna tamén influíron para a realización deste DAFO.

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Boa conexión a internet. Edixgal. Equipamento básico en todas as aulas: ordenador, canón, PDI, altofalantes... Outro equipamento dispoñible: táblets, robots, cámaras...	Asistencia técnica. Parte do equipamento obsoleto. Organización e deseño dos espazos físicos (reorganización da aula de informática).
	PERSOAL DOCENTE	Formación continua sobre tecnoloxía. Competencia para a busca e adaptación de recursos na rede. Uso de entornos virtuais a partires de 3º de EP. A media da competencia dixital é integrador/a (B1). Creación e utilización de recursos educativos en liña.	Intercambio de experiencias de uso das tecnoloxías de xeito explícito. Uso das tecnoloxías para prácticas de avaliación. Traballo cooperativo con outros centros da contorna.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Motivación e seguridade no uso das tecnoloxías. Debates sobre o uso correcto da tecnoloxía. Competencia dixital do alumnado axeitada ao remate da EP. Uso responsable das tecnoloxías.	Uso da tecnoloxía fóra da escola basicamente para o ocio. Uso da tecnoloxía para avaliar as habilidades do alumnado.
	FAMILIAS	Apoio das familias ao uso das tecnoloxías	Competencia dixital para axudar aos fillos e fillas nas tarefas de aprendizaxe mixta.
	OFERTA	Edixgal. Digicraft.	Participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais. Repositorios en liña con materiais de ensinanza aprendizaxe axeitados.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Apoiase ao profesorado para desenvolver e explorar modalidades de ensino con tecnoloxías dixitais. Utilízanse as tecnoloxías para a comunicación coas familias: abalarmóbil, web, telegram,...	Promoción, por parte do equipo directivo, do uso das tecnoloxías para a avaliación. Definición da estratexia dixital. Inventariado e organización dos materiais de tecnoloxía: tablets, robots, cámaras,...

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Apoio á dixitalización. Uso de software libre. O Centro dispón de rede wifi con boa cobertura.	Exceso de burocracia para os equipos directivos e profesorado. Tempo para explorar na ensinanza dixital. Asistencia técnica. Asesoramento xurídico.
	LEXISLACIÓN	Lei de protección de datos.	Cambios constantes na lexislación educativa.
	CONTORNA	Ubicación xeográfica do Centro.	
	ANPA	Uso de canal de Telegram para comunicacións.	Pouca actualización de noticias e actividades na web do centro.
	OUTRAS ENTIDADES	Proxecto Digicraft (Xunta e Vodafone). Concello.	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Tras a análise do SELFIE, dos resultados do testCDD e do que coñecemos do centro, acordamos centrar os obxectivos nas seguintes áreas SELFIE:

- Infraestrutura e equipamento.
- Competencia dixital docente.
- Pedagogía: Apoios e recursos.
- Competencia dixital do alumnado.

Establecemos obxectivos que inflúan directamente na práctica educativa diaria, no establecemento de boas prácticas no eido dixital e na mellora da competencia dixital de profesorado e alumnado.

Por qué cada un dos obxectivos?

1. Crear un espazo multifuncional (polo creativo, maker, steam, aula nova) con diferentes recursos para mellorar as competencias dixitais do alumnado, profesorado e familias.

O espazo da aula de informática xunto co seu equipamento non responde ás necesidades e actividades que xa se están a levar a cabo no centro. Necesitamos actualizar ese espazo, con mobiliario máis acaído, ordenadores actualizados, zonas diferentes de traballo... Por esta razón, solicitamos os polos creativos.

2. Compartir experiencias de boas prácticas e recursos no eido dixital entre o profesorado.

Despois da experiencia do confinamento, somos conscientes da importancia de compartir os nosos saberes, polo que a nosa intención é converter algún dos momentos de reunións, en momentos informais de transmisión de saberes e sesións de microformacións.

3. Crear, modificar e adaptar recursos interactivos para compartir en plataforma común.

Parte do profesorado crea, modifica e adapta os seus propios materiais e recursos; en relación co obxectivo anterior, pretendemos que a maior parte do profesorado faga algunha destas accións e estes traballos se compartan con resto de compañeiros e compañeiras do centro.

4. Poñer en funcionamento aulas virtuais no 2º ciclo de primaria de xeito eficiente como ferramenta de ensino-aprendizaxe e como preparación para os niveis E-dixgal.

Aínda que as aulas virtuais de 2º Ciclo están en funcionamento, o obxectivo é utilizar un maior número de funcionalidades das mesmas, tendo en conta que o alumnado entrará en edixgal no 3º Ciclo.

5. Manter o proxecto Digicraft dende 3º a 6º e introducir algunha das actividades no 1º Ciclo.

Non temos seguridade de ata cando poderemos contar cos materiais deste proxecto, pero considerando o interese e variedade de actividades dixitais que propón, a posibilidade de integralas e incluílas no desenvolvemento diario e a opción de presentar ao alumnado actividades sinxelas e asequibles de tendencias tecnolóxicas como a realidade aumentada ou a intelixencia artificial así como a motivación que xenera, consideramos o proxecto como un obxectivo a seguir cumprindo e aumentando coa participación de toda a Educación Primaria.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- **Infraestructura:** Como levamos dito ata o de agora en diferentes apartados deste Plan, é obxectivo do centro, mellorar, redeseñar e crear un novo espazo na actual aula de informática. Contando xa cun espazo real (aula de informática- corredor-aula de plástica) que precisaría de obras menores de albanería e electricidade, pensamos na importancia do seu mellor aproveitamento, creando un espazo flexible que permita diferentes agrupamentos e metodoloxías activas e integradoras (baseándonos no modelo de Aulanova). Para este espazo, ademais das obras, precisaríamos:

- Mesas con rodas.
- Sillas con rodas.
- Diferentes zonas de almacenamento.

- **Equipamento:**

- Paneis multitactis para as aulas de Educación Infantil. As PDI só teñen un punto táctil, fan sombra ao estar diante, a pesares dos proxectores ultracortos e a calidade da imaxe é mellorable, polo que contar con este tipo de paneis permitiría interaccións na aula máis axeitadas.

- Portátiles para aula: As aulas ata 4º contan cun ordenador de profe, todos con SO Windows e, a lo menos a metade de eles, xa obsoletos. Precisamos actualizalos.

- Postos para o profesorado: aumentar algún posto de traballo para o profesorado na sala de mestres.

- O material do proxecto Digicraft, que o temos en préstamo: placas makey-makey, merge cubes, pirámide holográfica, robot sphero,...

Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO						
1. OBXECTIVO (1):	Crear un espacio multifuncional (polo creativo, maker, steam, aula nova) con diferentes recursos para mellorar as competencias dixitais do alumnado, profesorado e familias.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	100% do funcionamento do espazo, emprego de recursos e desenvolvemento de actividades.					
Valor de partida (3)	Aula de informática tradicional.					
Valor previsto e data (4)	Deseño, creación e funcionamento do espazo multifuncional.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Solicitar o proxecto Polos Creativos.	Dirección	Maio 2022	Elaboración e entrega do proxecto.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Realizar o deseño e división dos espazos e a organización dos materiais.	Equipo de Dinamización de Polos Creativos e/ou Equipo TIC	1º e 2º trimestre do curso 2022/2023	Unidade técnica da Consellería e Concello de Vilagarcía de Arousa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Diseñar actividades, organizar os recursos e poñela en funcionamento.	Equipo de dinamización de Polos Creativos e/ou Equipo TIC	3º trimestre do 2023 e curso 2023/2024.	Tempo de reunións, planificación e documentos compartidos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL DOCENTE						
2. OBXECTIVO (1):	Compartir experiencias de boas prácticas e recursos no eido dixital entre o profesorado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Fixar unha reunión trimestral para compartir experiencias e recursos.					
Valor de partida (3)	0 reunións					
Valor previsto e data (4)	1 reunión trimestral					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Fixar datas para as reunións e recoller a actividade na PXA.	Xefe de estudos	Setembro 2022	PXA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Recompilar e analizar experiencias de boas prácticas e recursos nas reunións de ciclo para presentar na reunión trimestral de todo o profesorado.	Coordinador de equipos de ciclo	Xuño, 2023	Acta reunión equipos de ciclo Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Exposicións nas reunións trimestrais das experiencias de boas prácticas e recursos.	Profesorado	Xuño, 2023	Convocatoria de reunión. Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA: Apoios e recursos.						
3. OBXECTIVO (1):	Crear, modificar e adaptar recursos interactivos para compartir en plataforma común.				Acadado	
RESPONSABLE :	Xefatura de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de recursos compartidos.					
Valor de partida (3)	0 recursos compartidos entre o profesorado.					
Valor previsto e data (4)	15 materiais ou máis.			30 de xuño 2023.		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Levar a cabo reunións de ciclo para decidir aqueles materiais recursos interesantes a crear, modificar, adaptar e compartir.	Coordinadores/as de ciclo	Decembro, 2022	Reunión. Acta da reunión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Creación e adecuación de plataforma para compartir os materiais.	Administrador/a da Aula Virtual	Outubro, 2022	Recursos tecnolóxicos Aula Virtual/Agueiro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Reunión de Claustro para presentar e explicar as posibilidades do material.	Equipo directivo.	Xuño, 2023	Reunión. Elementos tecnolóxicos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": E: Pedagogía: Apoios e recursos

4. OBXECTIVO (1):	Poñer en funcionamento aulas virtuais no 2º ciclo de primaria de xeito eficiente como ferramenta de ensino-aprendizaxe e como preparación para os niveis E-dixgal.	Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a do equipo docente do 2º ciclo de primaria e coordinador/a TIC	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de clases con aulas virtuais en funcionamento		
Valor de partida (3)	0 Clases con algunha aula virtual con todos os elementos de mensaxería e coordinación en funcionamento.		
Valor previsto e data (4)	2/3 das clases con algunha aula virtual con todos os elementos de mensaxería e coordinación en funcionamento.	Xuño de 2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A04.1: Formación entre compañeiros/as do centro sobre as posibilidades e funcionalidades dunha aula virtual (mensaxería, coordinación, avaliación).	Equipo TIC	Decembro de 2022	Aula Virtual corporativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Creación dos cursos e matriculación do profesorado e alumnado na AV corporativa.	Administrador/a da aula virtual do centro	Outubro de 2022	Aula Virtual corporativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Subida de actividades aos cursos correspondentes da AV corporativa.	Profesorado de 3º e 4º de primaria	1º e 2º trimestres	Aula Virtual corporativa Repositorios de actividades Portátiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A04.4: Realización de tarefas na AV empregando a totalidade de funcionalidades: cuestionarios, mensaxería, foros, avaliación por rúbricas,... ou guías de corrección...	Profesorado de 3º e 4º de primaria	3º trimestre	AV corporativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO						
5. OBXECTIVO (1):	Manter o proxecto Digicraft dende 3º a 6º e introducir algunha das actividades no 1º Ciclo.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Realización de actividades do programa Digicraft.					
Valor de partida (3)	Realízanse algunhas actividades nos cursos de 3º a 6º					
Valor previsto e data (4)	Realízanse a totalidade das actividades do itinerario de 9 a 12 anos e 10 actividades ou mais do itinerario de 6 a 8 anos.			Xuño, 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05.1: Organizar os horarios de xeito que permitan desdobres e profesorado para a realización do proxecto.	Xefatura de Estudos	Setembro, 2022	Horario. Tempo. Desdobres		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Organizar microformacións para o novo profesorado que se una ao proxecto e/ou asistir ás ofertadas dende o proxecto.	Equipo TIC	Febreiro, 2023	Tempo de reunión. Materiais do proxecto. Ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Realizar a avaliación inicial ao alumnado prevista no proxecto.	Profesorado implicado no proxecto Diicraft.	Outubro, 2023	Tablets		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO5.4: Realizar co alumnado as actividades previstas no proxecto.	Profesorado implicado no proxecto Digicraft	Maio, 2023	Materiais do proxecto Digicraft.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.5: Realizar a avaliación final ao alumnado prevista no proxecto.	Profesorado implicado no proxecto Digicraft	Xuño, 2023	Tablets		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
 - a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

A avaliación farase en diferentes momentos ao longo do curso:

- **Avaliación procesual:** Cada trimestre farase avaliación por parte do Claustro, para valorar o estado das accións previstas para dito trimestre, na que se decidirán as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora, de ser o caso.
- **Avaliación final:** A finais de curso, para incluír na memoria e poder definir os obxectivos e accións do seguinte Plan Dixital, realizaremos unha avaliación recollendo a valoración das distintas accións previstas así como o seu estado.

5. Difusión do plan

Unha vez coñecido polo Claustro e aprobado no Consello Escolar, este plan publicaráse na páxina web do centro. Comunicarase a súa publicación a toda a Comunidade Educativa a través de Abalarmóbil e Telegram.